

7.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE FEBREIRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 6/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 FEBREIRO DE 2017.

Aprobouse a acta número 6/2017 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2017.

2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACION PREVIA DE ACTIVIDADE CON OBRAS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

3.- INFORMES PREVIOS.

3.1.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 23 de xaneiro de 2017 en relación o informe preceptivo previo por concesión dun caudal de auga, procedente de cinco mananciais no lugar de Lodeirón–Vilatuxe–Lalín.

3.2.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 23 de xaneiro de 2017 en relación o informe preceptivo previo para concesión dun caudal de auga, procedente dun manancial, no lugar de Vila, Santiso–Lalín.

3.3.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 9 de febreiro de 2017 para proceder á restauración da “Ponte dos Cabalos” na parroquia de Parada–Lalín.

4.- ALTAS PRAZAS PARKING.

4.1.- Acordouse aprobar as solicitudes presentadas de abonos mensuais para praza de aparcamento, en cumprimento do establecido na Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “APLICACIÓN WEB PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LALÍN.

5.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAS DO CONCELLO DE LALÍN”.

5.3.- Acordouse conceder autorización para a instalación de postos no Campo da Feira Vello.

5.4.- Acordouse adxudicar o Lote núm. 4: Palco para autoridades e palco para cámaras, do expediente de contratación denominado “SUBMINISTRO DE CARPAS E STANDS PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS VENCELLADOS Á FEIRA DO COCIDO”.

6.- INVENTARIO DE BENS.

6.1.- Dáse conta do escrito presentado no que solicita autorización municipal para utilizar o local da Casa Escola da parroquia de Alemparte para realizar xuntanzas veciñais e reunións que se leven a cabo pola Asociación veciñal.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Aprobouse a relación de facturas nº 00007 por importe de 93.511,60 €.

8.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

8.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 3 da obra “CONSTRUCCIÓN DUNHA E.D.A.R. CON HUMEDAIS ARTIFICIAIS EN ZOBRA”.

9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “Rehabilitación, saneo e reforzo de firme da Ronda Norte- Este”.

9.2.- Acordouse acollerse a *ORDE do 30 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.*

9.3.- Acordouse adherir á Biblioteca Municipal Varela Jácome ao programa Ler Conta Moito.

9.4.- Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do XXIIIº Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”.

9.5.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN XANEIRO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

9.6.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN XANEIRO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

9.7.- Acordouse autorizar a expedición dunha orde de pagamento a xustificar para abonar os custes do catering e presentación do Cocido do Orgullo* de Lalín.

9.8.- Acordouse cursar a presentación dunha solicitude co obxecto de mellora das instalacións utilizadas como base de operacións do servizo de Protección Civil e Emerxencias de Lalín, sitas na Av/ Xosé Cuíña-Mercado de Gando.

9.9.- Acordouse aprobar a solicitude de subvención con destino ás actuacións que se recollen Memoria de adquisición e instalación de paneis informativos no Concello de Lalín.

9.10.- Acordouse aprobar a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 12/2013.

9.11.- Acordouse aprobar a **alta** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE para **vado permanente con destino garaxe para o baixo do edificio ubicado na Avda. Bos Aires, nº 8.**

9.12.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 240 €.

9.13.- En relación co Servizo de Axuda no Fogar, acordouse:

1º.- Aprobar a baixa por pasamento dunha usuaria do servizo de axuda no fogar modalidade dependencia.

2º.- Aprobar a alta efectiva no servizo de axuda no fogar modalidade dependencia para varias persoas solicitantes.

3º.- Aprobar a ampliación horaria no servizo de axuda no fogar modalidade dependencia para varias persoas usuarias.

9.14.- Acordouse recoñecer a un empregado do Concello de Lalín a súa xubilación laboral con data 15 de febreiro de 2017 neste Concello de Lalín.

10.- CORRECCIÓN DE ERROS.

10.1.- Acordouse corrixir o erro padecido no apartado 9.2, Propostas da Alcaldía e dos Sres. Concelleiros Delegados, da acta da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30 de xaneiro de 2017.

10.2.- Acordouse corrixir o erro padecido no apartado 7.1, Certificación de obras, da acta da Xunta de Goberno Local celebrada o día 21 de novembro de 2016.

10.3.- Acordouse corrixir o erro padecido no apartado 6.4, Certificación de obras, da acta da Xunta de Goberno Local celebrada o día 21 de decembro de 2016.

10.4.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión da Xunta de Goberno de 23 de xaneiro de 2017.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

11.1.- Dáse conta do Convenio de Colaboración para a cesión de uso gratuíto a favor do Concello de Lalín de quince stands-casetas de madeira.

11.2.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso da Praza da Igrexa o día 22 de marzo de 2017.

11.3.- Dáse conta do escrito co que achegan “Comunicación de Alta no Rexistro de Usuario da Sede Electrónica do Catastro” dun funcionario municipal.

11.4.- Dáse conta do escrito remitido solicitando autorización municipal para a instalación dunha unidade móbil na Praza da Igrexa o xoves día 2 de marzo de 2017 de 10:30 horas ás 14:00 horas e o venres 3 de marzo de 2017 dende as 16:30 ás 21:00 horas.

11.5.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para usar a marca e logo rexistrada polo Concello de Lalín (PAN DE LALIN).

11.6.- Dáse conta do escrito solicitando autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 70 persoas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela chegando ás 12:00 horas do día 6 de xullo de 2017 e saíndo o día 7 de xullo de 2017.

11.7.- Dáse conta do escrito presentado por unha traballadora municipal solicitando autorización municipal para a realización dun curso “A xestión de instalacións deportivas: situación e retos”.

11.8.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso das instalacións do Pazo de Liñares para o luns 6 de marzo de 2017.

11.9.- Dáse conta da solicitude presentada na que comunican que o vindeiro 12 de marzo de 2016 terá lugar a “**VIª RUTA DE COCHES CLÁSICO DO COCIDO**”.
